

IXORNADAS

de traballo social eco-social

*Bo vivir: un cambio transformador
para un mundo compartido*



19 de marzo de 2024

Día Mundial do Traballo Social

Persoas destinatarias:

Estudantes, profesionais do traballo social
e comunidade en xeral

Organizan:

Francisco-Xabier Aguiar, Mónica López e Evelia Murcia

Máis información: francisco.aguiar@uvigo.gal

**18, 19 e 20
de marzo de 2024**
Sala Emilia Pardo Bazán
Edificio de Ferro
Campus de Ourense

Inscripcións ata o 18 de marzo:



I XORNADAS

de traballo social eco-social

*Bo vivir: un cambio transformador
para un mundo compartido*



18, 19 e 20
de marzo de 2024
Sala Emilia Pardo Bazán
Edificio de Ferro
Campus de Ourense

Universidade de Vigo

I Xornadas de traballo social eco-social

Bo vivir: un cambio transformador para un mundo compartido

O mundo vive unha crise sistémica sen precedentes con graves impactos en todas as formas de vida que evidencian a relación existente entre a xustiza social e ambiental. Os desafíos contemporáneos retan con carácter urxente ao Traballo social para que adopte enfoques innovadores que prioricen un verdadeiro benestar, con raíces na comunidade e na interrelación e interdependencia profunda das persoas cos bens naturais, tal e como nos ten transmitido a sabedoría indíxena.

Obxectivos

- Analizar os principais elementos e retos do paradigma eco-social no traballo social, para o seu desenvolvemento teórico e práctico.
- Reflexionar sobre os distintos aspectos presentes na crise sistémica (clima, territorio, enerxía, alimentación, produción e consumo, relacións e coidados...), identificando as súas interseccións co traballo social.
- Coñecer e (recoñecer) as boas prácticas e experiencias de acción e resistencia, establecer alianzas e contribuir desde o traballo social á transición sistémica e xeración activa de alternativas e solucións.

Inscrición

Inscricións ata o 18 de marzo na seguinte ligazón:
Xornadas de carácter aberto e gratuito.
Certificado de asistencia 12 horas.



Programa

Luns 18 de marzo

16.00 h Benvida e presentación das Xornadas

- María Isabel Doval. Vicerreitora de Benestar, Equidade e Diversidade
- Miriam Rodríguez. Presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia
- Andrea Moreno. Estudante de Traballo Social
- Xosé Manuel Cid. Decano Facultade de Educación e Traballo Social
- Francisco-Xabier Aguiar. Vicedecano de Traballo Social

16.30 h O traballo social ante a emerxencia climática e sistémica

- Marta Pernas. Traballadora social eco-feminista

17.45 h Mesa I: *Bo vivir e traballo social. Comunidades resilientes nun mundo compartido.*

A crise climática, accións e respostas rexenerativas

- Matías Mesa. Asesor para a acción climática Asociación RaizameVivo

O “bo vivir” (Sumak Kawsey): cosmovisión indíxena como guía para o traballo social

- Francisco-Xabier Aguiar. Universidade de Vigo

Boas prácticas de intervención socio-ambiental no medio rural

- Joel Gómez. Traballador social CDR O Viso
- Andrés Bobe. Técnico ambientalista CDR O Viso
- Tamara Balboa. Traballadora social CDR Portas Abertas

19.30 h Debate, conclusións e achegas para o traballo social eco-social

Actividade paralela: presentación da exposición fotográfica *A muller na historia*, FEMURO

Martes 19 de marzo. Día Mundial do traballo social

16.00 h *Do mito do crecemento ao decrecemento. Ciencia e innovación para un mundo decrecentista*

- Mario Pansera. Universidade de Vigo. Grupo de investigación Post-growth innovation lab

17.00 h Mesa II: *Defensa do territorio e traballo social*

Crise do territorio e as súas implicacións sociais.

- Jose Justo. Adega (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)

Crise enerxética, pobreza e comunidades enerxéticas

- Raquel Fernández. Amigas da Terra

17.45 h Descanso

18.00 h Mesa III: *Repensando a economía desde un ollar eco-social e de compromiso co territorio*

Soberanía alimentaria, agroecoloxía e o consumo como acto político e transformador

- Dora Cabeleiro. Labrega e comeneira. Cooperativa Ribeira do Navia
- Lucía Cedrón. Grupo de autoconsumo Semente

A Economía Alternativa e solidaria. Confluencias co traballo social

- Candela Alasino e Julieta Alasino. Alalá S. Coop. Galega, REAS Galicia

19.30 h Debate e achegas para o traballo social eco-social

Mércores 20 de marzo

16.00 h *Como avanzar cara a un traballo social eco-social: formación e práctica*

- Núria Prat Bau. Universitat de Barcelona

17.00 h *Práctica política dende o traballo social: chave para a transición eco-social*

- Evelia Murcia. Universidades de Vigo e Santiago de Compostela

17.30 h Descanso

17.45 h Mesa IV: *A revolución dos coidados. Unha mirada Eco-feminista*

- Rebeca Carreiro. Orientadora saúde, Sustinea e Espazo Benestar
- Andrea Alfaya. Traballadora social eco-feminista
- Mari Fidalgo. Facilitadora de biodanza. Cooperativa Xeracción

18.30 h Obradoiros simultáneos

Obradoiro I. A metodoloxía socioafectiva como ferramenta aplicada ao traballo social eco-social

- Andrea Alfaya

Obradoiro II. Cultivando bos vivires: Biodanza para abonar os coidados comunitarios e a cultura do bo trato

- Mari Fidalgo

20.00 h Debate, conclusións finais para o Traballo social eco-social e peche

- Representantes de alumnado do Grao de Traballo Social da Universidade de Vigo